



CEIP Plurilingüe Chano Piñeiro
Rúa Pousa de Fontan
Gondomar
Pontevedra



PLAN DE CONTINXENCIA

CEIP Plurilingüe Chano Piñeiro

Ano académico 20201- 2022

O Plan de Continxencia do CEIP Plurilingüe Chano Piñeiro, ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial, no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva, como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun grupo estable de convivencia, nun nivel ou nunha das etapas educativas do centro.

XESTIÓN DOS GROMOS

En todo momento seguiremos as instrucións da administración competente e adaptarémonos as situacións que vaian xurdindo en cada momento.

Non asistirán ao centro aquel alumnado, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aquelas persoas que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19 ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

Se unha nena ou un neno desenvolve síntomas compatibles con COVID-19, durante as sesións no centro educativo seguirase o seguinte procedemento:

- Primeiro colocarásele unha nova máscara cirúrxica das que temos no centro.
- Trasladaráselle á sala Covid ata que se produza a recollida por parte da familia. Esta sala disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal.
- Comunicarásele a situación ao equipo covid do Centro e a persoa que exerza a súa coordinación e tamén coa familia do alumnado implicado ou cos seus titores legais.
- O alumnado estará acompañado en todo momento e a persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:

◦Máscara cirúrxica

◦De forma excepcional e, no caso específico de que o alumnado teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou por ser menor de 6 anos e non use máscara, a persoa acompañante, **usará máscara FFP2** sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houberse dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo nun lugar cuberto e exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo. O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

O persoal docente ou non docente que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

No suposto da aparición dun caso ou dunha sospeita de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal non docente do centro, á directora contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo. A través de EduCOVID, incluírá na aplicación informática a información prevista e relativa á persoa afectada e tamén a relativa aos contactos estreitos, aos compañeiros/as afectados/as e ao profesorado afectado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinalen as autoridades sanitarias.

A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra de referencia para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.

Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid-19 seguíanse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que teña que estar illada unha parte do centro educativo: unha parte do grupo de alumnado, un grupo completo, un nivel, ou un grupo de aulas. En calquera caso, en caso de producirse esta situación informarase ás familias do alumnado implicado que non deben acudir ao centro mantendo sempre a protección de datos sensibles e usando os medios ordinarios e corporativos.

O resto do centro desenvolverá o seu normal funcionamento e na forma habitual, adaptando as modificacións oportunas en función do número de contactos identificados en cada gromo.

Escenarios no suposto de gromos

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade cos seguintes supostos:

A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e o do profesorado asignado a ese grupo. Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación, é un suposto de declaración obrigatoria que implicará, por parte da autoridade sanitaria, a obriga de entrada en illamento durante polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e da entrada en corentena de 14 días de todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo, de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias. O tempo de illamento ou corentena poderá variar se así o indican as autoridades sanitarias, de tal forma que en todo momento, seguiremos as instrucións que se dicte ao respecto.

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco as autoridades sanitarias poderán volver a avaliar o pase ao nivel de risco NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

Finalizado o período de peche presencial dunha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluídos en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade. O modelo proposto establece catro fases:

[Fase 1. Adecuación dos espazos.](#)

Duración: unha semana.

Fase previa ao reinicio da actividade, na que será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

Obxectivos:

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.

Adecuada distribución do espazo do alumnado, distribuíndo os pupitres de forma que se consiga unha distancia de máis de 1 metro entre eles.

Revisión e redefinición de ser preciso dos circuítos de circulación interna.

Reorganización das quendas de recreo para que se realicen de forma graduada.

Reorganización das quendas durante o horario de comedor escolar.

Fase 2 . Formación de pequenos grupos.

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 30%. Esta fase é fundamental para a adquisición polo alumnado das medidas de hixiene e distanciamento.

Obxectivos:

Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.

Definiranse uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase.

Utilización do espazos e circulación do alumnado polos corredores do centro.

Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico no recreo.

Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia no SARS-CoV-2

3. Fase 3. Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 60%. Nesta fase o alumnado continuará formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso.

Obxectivos:

Establecemento de criterios claros de entrada e saída do alumnado de forma progresiva.

Continuación das medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnado.

Fase 4. Fase de reactivación.

Duración: 1 semana

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100%, se fose posible manter dentro da aula 1 metro de distancia física. Nesta fase xa todos os/as alumnos/as coñecen as medidas necesarias no período de pandemia.

Obxectivos:

- Reforzo e fomento de hábitos aprendidos.
- Disposición en puntos estratéxicos de información visual clara para do alumnado.
- O recreo e a comida será realizada en dúas ou tres quendas.

METODOLOXÍA EN CASO DE CONFINAMENTO

En caso de confinamento dunha aula, grupo colaborativo ou dun grupo de alumnado reducido e concreto, seguiremos a seguinte metodoloxía de traballo.

2º ciclo de Educación Infantil

No caso dun confinamento total ou parcial da aula, dalgún grupo colaborativo ou algún neno ou nena, empregaremos os seguintes recursos:

Páxina web do centro, uso da aula virtual da etapa e nivel como medio de ensino e aprendizaxe, seguimento e banco de recursos. Videoconferencias programadas por grupos reducidos para manter o contacto co alumnado e tamén para favorecer o contacto entre o propio alumnado. Información ás familias e seguimento do alumnado mediante chamadas telefónicas, uso do correo electrónico corporativo e sobre todo a través da plataforma abalar. Ante a falta de recursos tecnolóxicos ou desconexión dixital, trataremos de solventar o problema dende o centro facilitándolle o equipamento preciso ou no caso de ser preciso facilitarémolle á familia do alumnado que o precise material impreso.

1º de PRIMARIA

De xeito xeral, teremos presentes os principios metodolóxicos recollidos no artigo 15 do Decreto 105/2014, polo que se regula o currículo da etapa de educación primaria para a nosa Comunidade Autónoma, no que se establecen unha serie de aspectos fundamentais a ter en conta ao longo de toda a etapa educativa. A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida á adquisición dos obxectivos e das competencias clave. Para a adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe

integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promoveremos o traballo colaborativo e en equipo. Poremos especial énfase nesta etapa na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto coma se detecten dificultades.

A lectura constituirá un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave polo que desenvolveremos estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato.

Metodoloxías específicas e concretas coas que traballaremos.

Aprendizaxe cooperativa: a través da resolución conxunta das tarefas o alumnado interioriza os contidos e estratexias que esteamos a traballar. É por esta razón que o alumnado estará disposto en pequenos grupos dentro da aula. Propiciaranse do mesmo modo, diferentes momentos durante o curso escolar, para o traballo do alumnado como gran grupo, parellas e pequeno grupo.

Aprendizaxe baseada no pensamento. Esta metodoloxía baséase na implantación na nosa aula dunha cultura do pensamento e de dar relevancia ao emprego do mesmo outorgándolle un espazo real na aula: ensinar a pensar. Outro aspecto que imos a traballar e introducir na aula, en relación a esta metodoloxía, é a linguaxe do pensamento, constituído por aquelas palabras e modos de comunicación que posúe a lingua para referirse a procesos e produtos de pensamento.

Aprendizaxe baseado nos proxectos. O emprego desta metodoloxía permite abordar a realidade para que o alumnado a analice, a empregue coma ferramenta de aprendizaxe, interveñan nela e se comprometan.

Aula virtual. co emprego desta aula farase un aproveitamento didáctico de recursos dixitais, entendidos como unha ferramenta esencial na adquisición gradual de mecanismos autónomos de aprendizaxe, adaptados sempre á súa idade e ás súas peculiaridades. A finalidade do uso desta aula é a de familiarizar ao alumnado coa plataforma e as TIC como recurso educativo.

Intelixencia emocional. Pretendemos que o noso alumnado adquira a capacidade para xestionar, comprender e manexar as súas emocións. Á súa vez, esta capacidade axudaralles a mellorar a súa calidade de vida e desenvolver relacións máis respectuosas e comprensivas cos demais.

Recursos

Humanos. Equipo docente e resto de profesionais que traballan no centro, familias do alumnado, é dicir, toda a comunidade educativa.

Materiais. Convencionais (libros, fotocopias, pizarra, tablón...), manipulativos, visuais (fotografías, diapositivas...), audiovisuais (vídeos, programas...) e TIC (aula virtual, recursos interactivos, páxinas web, aplicacións...).

Organizativos. Aulas ordinarias de 1º de primaria, aula de TIC, patios, biblioteca, aula virtual, ximnasio, aula de música, aula de inglés, de relixión, etc.

Ensino non presencial ou semipresencial

Modificamos o Plan de Continxencia elaborado en base ao Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID-19 previsto para o pasado curso 2020/2021, no que se estableceron as medidas que se adoptarían no caso de suspensión da actividade lectiva para facer efectivo o ensino non presencial e nos supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións das autoridades sanitarias.

No suposto de ensino non presencial, adoptaremos as medidas establecidas no Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID-19. Así o profesorado, a través da aula virtual e da páxina web do centro, determinará as tarefas a realizar polo alumnado garantindo a adquisición das aprendizaxes básicas e a avaliación continua.

A organización dos recursos educativos de apoio do centro garantirá unha axeitada atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, favorecendo o seu acceso ao currículo poñendo especial cuidado na atención do alumnado con necesidades educativas especiais.

Estableceuse un procedemento de comunicación entre o alumnado, as familias e o equipo docente utilizando ABALAR MÓBIL.

2º de Primaria

Ante a posibilidade de ter que realizar unha ensinanza telemática, establécese a continuación a metodoloxía que se empregará de darse dita situación.

Basearíase no emprego da Aula Virtual como medio de comunicación das tarefas e entrega das mesmas coa maioría do alumnado, excepto nalgúns casos (con problemas de conectividade) que se podería facer vía enderezo electrónico.

Todos os luns comunicaríase a todas as familias mediante a aplicación Abalar que xa están activas as tarefas desa semana e que teñen ata o domingo para realizalas e entregalas. Emprégase Abalar, as mensaxes privadas da Aula Virtual os foros semanais para resolver todas as dúbidas que poidan xurdir. Tamén poderían contar co enderezo electrónico das docentes.

As tarefas contarán cunha explicación do que se ten que facer e, nalgúns casos, con vídeos explicativos acompañando a tarefa. Tamén se poderán poñer á disposición do alumnado tarefas de ampliación e libros dixitais. A corrección das tarefas faríase vía Aula virtual con comentarios personalizados e individualizados de ánimo ao alumnado, felicitándoos pola tarefa ou con correccións para mellorar nesas tarefas e nas seguintes. Teríase sempre en conta a atención á diversidade do alumnado e aos distintos ritmos e estilos, facilitando e flexibilizando cando fose preciso.

Trataremos de implicar a familia, pois dada a idade do alumnado poden ter dificultades na competencia dixital para desenvolverse con autonomía na Aula Virtual, polo que tamén se traballará este aspecto sistemáticamente no Centro.

A información e comunicación coas familias levaríase a cabo a través destas catro formas:

- Abalar Móbil: todos o luns informaríase ao grupo cando xa están dispoñibles todas as tarefas e terían este medio tamén para preguntar as dúbidas que poidan ter.
- Enderezo electrónico corporativo para aquelas familias que comunicaron dificultades ou problemas de conexión.
- Mensaxes privadas da propia Aula Virtual: resolvendo dúbidas, problemas ou diversas cuestións das familias.
- Foros da Aula Virtual para resolver dúbidas das actividades.

A comunicación co alumnado fundamentalmente basearíase na corrección en cada unha das tarefas. É importante que as familias lles fagan chegar estes comentarios ao alumnado

para que saiban que continuamos o seu proceso e estamos vendo os seus avances. Valoraremos a posibilidade de realizar videoconferencias semanais para realizar explicacións, facer algunha actividade grupal, fomentar unha comunicación directa do alumnado coas docentes e tamén entre o propio alumnado. Ditas videoconferencias estarían determinadas pola posibilidade de conexión do alumnado así como da dispoñibilidade horaria das familias, xa que á súa idade non teñen autonomía suficiente con respecto á competencia dixital e precisan unha axuda constante.

3º de primaria

Ensino presencial. No caso de que a situación sanitaria o permita, traballaremos de xeito presencial no centro, combinando o que se faga nas aulas co funcionamento das aulas virtuais (para tarefas complementarias, actividades de investigación, etc.). Utilizaremos as estratexias metodolóxicas concretadas no apartado anterior.

Ensino semipresencial. Pode darse a situación de que apareza un gromo nun dos grupos estables de convivencia e que por ese motivo unha parte do alumnado deba confinarse. Nese caso, seguiríamos traballando de xeito presencial co alumnado que puidera asistir ao centro e tamén facilitaríamos ao alumnado confinado a través da aula virtual a programación das sesións, recursos iguais ou similares aos utilizados na aula, etc. Faremos seguimento dese alumnado que non pode asistir ás aulas, tanto a través das aulas virtuais como de xeito telefónico ou a través de Abalar.

Ensino telemático. No caso de que por motivos de saúde tivéssemos que confinar a un grupo completo, traballariamos co alumnado a través da aula virtual, proporcionándolles recursos explicativos, material complementario e tarefas. Ademais, fariamos videoconferencias co alumnado como mínimo unha ou dúas veces á semana (en función da dispoñibilidade das familias). Tamén estableceríamos contacto telefónico ou a través de Abalar coas familias.

4º de primaria

A actual situación sanitaria sitúanos nun marco inestable en canto á presencialidade lectiva; presencialidade, semipresencialidade e/ou non presencialidade e polo tanto poranse en funcionamento medidas de ensino e organizativas similares ás recollidas nos niveis anteriores.

A programación didáctica elabórase tendo en conta os posibles escenarios para poder seguir coa actividade, xa sexa semipresencial ou non presencial, contando para elo coa aula virtual do centro, blogue do curso, material previamente descargado nos ordenadores

do alumnado así como material impreso. En función de como se realice o confinamento segundo indiquen as autoridades educativas e sanitarias establecerase un plan de actuación adaptado as características propias de cada caso.

5º e 6º de Primaria

No caso de ter a necesidade de permanecer uns días ou tempo mais longo en situación de corentena, seguirase como medida principal coa utilización da plataforma Edixgal, a cal xa é coñecida polo alumnado dende o inicio de curso. Levaranse a cabo as videoconferencias que se consideren oportunas para a explicación dos contidos e seguimento de tarefas.

Tamén se realizarán as chamadas telefónicas persoais necesarias e todas aquelas medidas que poidan levarse a cabo para o aproveitamento do tempo de non asistencia ao centro.

No caso de un alumno, alumna, ou grupo de alumnado en situación de corentena, farase un seguimento a través de Edixgal, foros, chamadas telefónicas, abalar, videoconferencias, etc.

Metodoloxía de ensinanza telemática en 5º e 6º de primaria

Ante a posibilidade de ter que traballar novamente de un modo telemático, se levarían acabo as seguintes medidas co alumnado.

A metodoloxía basearíase no emprego da plataforma de Edixgal como medio de comunicación das propostas, tarefas e actividades, e entrega das mesmas. En caso de que houberse alumnado que non puidese conectarse faríase a través da vía do enderezo electrónico.

A metodoloxía empregada basearíase na participación e estaría orientada ao deseño de actividades que tivesen como referentes os criterios e estándares de avaliación imprescindibles para o reforzo, continuidade do proceso educativo e consolidación dos criterios e estándares xa adquiridos. Desenvolveríase as competencias claves relacionadas coa CD, CAA, CSC e CIEE. Reforzaríase a aprendizaxe cooperativa a través do foro en Edixgal e tamén a atención individualizada porque seguiríamos tendo a posibilidade de solucionar dúbidas e facer propostas puntuais ao alumnado a través das mensaxes privadas da propia plataforma de Edixgal.

Plataforma Edixgal. Funciona como aula virtual. Realizaríase unha programación semanal dos diferentes bloques dentro das diferentes unidades didácticas, que permanecerían ocultos ou faríamos visibles cando o alumnado entrega as propostas e están revisadas.

Webex. Levaríanse a cabo videoconferencias semanais con grupos reducidos para dar explicacións, realizar as propostas, resolución de dúbidas e corrección das tarefas.

Calendario virtual de Edixgal, onde programaríamos o traballo da semana e introduciríamos números e contrasinais para as videoconferencias.

Foro cooperativo. Crearíase un foro de resolución de dúbidas para implantar o traballo cooperativo, a través do cal, o alumnado formularía preguntas, resolveríanse dúbidas e axudaríanse entre eles.

Principais competencias que se desenvolverían: comunicación lingüística (CLL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Problemas de cobertura: ante posibles problemas de cobertura o alumnado podería realizar as entregas cando llo permitise a rede.

Este Plan de Continxencia foi aprobado pola Dirección do Centro, o 25 de setembro de 2021.

Gondomar, 25 de setembro de 2021

Asdo. Soledad Couto Domínguez

Directora